

A ANTA DOS MUIÑOS

Desde o mércores, día seis deste mes de “todas as Festas”, o megalítico da Terra do Medio ten un novo recoñecemento no seu dolmem dos Muiños: a prehistoria descuberta e contada no s. XXI para este monumento funerario que Patrimonio decide honrar como valor en “Agro de Voda” (así é o nome deste espazo onde sedenta a cámara de ortoestatos antropomórficos, con pinturas, en tres capas superpostas nas diferentes idades dos milenios). Agro de Voda é o nome antigo desta agra, por acaso antes estivada, acaroadada ao río Ferreiroa, en Bidueiros d’Agolada (Pontevedra); fermosa toponimia que recollo de Marcial da Neves e de Xosé de Rivas, xubilados e xubilosos porque aquelas pedras “dos mouros” da súa infancia e adultez sexan merecentes para os bisnetos e as idades.

Non pasou unha semana que andei de vagariño polo cimo do Bocelo, faro de ollares que albisca Melide, Toques, Sobrado dos Monxes, A Cova da Serpe...que non desmerecen a fermosura e a toponimia de calquera lugar do mundo. En Castro de Lobos e n’A Moruxosa xa se outea o Forno dos Mouros, a anta que sei aberta e con temperos de ferralla desde hai anos, tantos. Está aínda así, na espera. Non resisto a comparanza: dous volumes que cantan o Megalítico Galego. E non tan distantes. Neles recollo as sintonías da Xeración Nós, de tanto mancada, e quero saber se este tempo de SMS, GPS, AVE, Google...pode cadrar conforme en soerguermos tanta vida.

En Agro de Voda, ao pé dos Muiños, a discreción informativa do panel anuncia un patrimonio herdanza con valores senlleiros, soterrados por mor dos desconfíos e das violencias agresoras deste século. Son chantos publicitarios case minúsculos para a dimensión da mámoa, porén está no taboleiro a biografía científica do monumento violado en tempos de saqueo e de ignorancias. Resistindo. Tal semella a nosa sorte. Se a dignidade existe, cabe a esperanza da feliz e definitiva restauración. E dende xa o anuncio nas Prazas dos Concellos correspondentes, en réplica do panel, coma o que arestora campa en Agro de Voda, da Anta dos Muiños; tal soñaran no seu día os Arqueólogos de Nós e os “incómodos” Amigos dos Pendellos; e agora navegan os blogueiros de Aquam Latam, Ao pé do Farelo...en fermosa singradura das estimas.

Xosé Vázquez Pintor